



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA Negociado: Contratación. Expte: C10/2019

D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), en uso das facultades que me confire o apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Sobre a base do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 11 de xullo de 2019, no Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020, co seguinte desglose de financiamento:

CAMIÑO XERAL DE ALBIXOI EN DIRECCIÓN CABRUI E OUTROS	IMPORTE DA AXUDA	APORTACIÓN MUNICIPAL	ORZAMENTO TOTAL
	73.806,46 €	15.499,36 €	89.305,82 €

Visto que o obxecto do presente contrato constitúe un contrato administrativo de obra, de conformidade co artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De conformidade co artigo 28 da LCSP, a presente contratación xustifícase na necesidade de mellorar a capa de rodadura de varios camiños municipais que se atopan moi deteriorados.

Aos efectos previstos no artigo 99.3 da LCSP, a non división en lotes xustifícase en que a división tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato. Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais, e suporía tamén un retraso na adxudicación dos investimentos e, polo tanto, na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división de lotes do proxecto ou prego e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación. Así mesmo, a dirección técnica das obras complicaríase debido ao incremento do número de contratistas adxudicatarios como consecuencia da división en lotes, o que ademais dificultaría a necesaria coordinación da execución dos distintos investimentos.

Considerando axeitado á presente contratación, pola celeridade que demanda, o procedemento aberto simplificado, de conformidade co artigo 159 da LCSP, ó ser o valor estimado da obra inferior a 2.000.000,00 euros, e non superar a ponderación dos criterios de adxudicación avaliados mediante xuízo de valor previstos no prego o vinte e cinco por cento do total.

Visto que cómpre incoar o expediente para a contratación da obra, é polo que de acordo co artigo 116 da citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

Primeiro.- Iniciar o expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado, da obra denominada "CAMIÑO XERAL DE ALBIXOI EN DIRECCIÓN CABRUI E OUTROS", cun importe de OITENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (89.305,82 €), desglosado nun valor estimado de SETENTA TRES MIL OITOCENTOS SEIS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

(73.806,46 €), e o imposto sobre o valor engadido de QUINCE MIL CATROCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (15.499,36 €).

Segundo.- Incorporárase ó expediente o prego de cláusulas particulares e acta de replanteo. Débese incorporar ó mesmo informe de intervención de fiscalización do gasto e existencia de crédito orzamentario e informe da secretaría do concello.

Terceiro.- Evacuados que sexan estes trámites, déaseme conta.

En Mesía, a 7 de agosto de 2019.

O alcalde,

D. Mariano Iglesias Castro.